

**Nota de Prensa embargada ata as 20:30 h de hoxe venres.**

## **Dobre Premio da Edición de Galicia para dous títulos de Alvarelos**

***Sobre ruínas*, de Xesús Rábade Paredes, MELLOR LIBRO DE POESÍA DE 2013.**

***Cantares gallegos, hoxe*, de Pilar García Negro, MELLOR LIBRO DE NON FICCIÓN DE 2013.**

**Betanzos, 21 de marzo**

**de 2014.-** Dous títulos publicados durante o pasado ano por Alvarelos Editora mereceron hoxe o recoñecemento da Asociación Galega de Editores durante a gala anual onde se entregan os Premios da Edición de Galicia, cuxa novena edición tivo lugar no Liceo de Betanzos .



Trátase do volume *SOBRE RUÍNAS*, de Xesús Rábade Paredes, galardoado co Premio Ánxel Casal ao **Mellor Libro de Poesía de 2013**, e o ensaio de María Pilar García Negro, *CANTARES GALLEGOS, HOXE. UNHA LECTURA ACTUALIZADA DE ROSALÍA DE CASTRO*, que obtivo o Premio Ánxel Casal ao **Mellor Libro de Non Ficción de 2013**.

*Sobre ruínas*, publicado o pasado novembro, xa fora recoñecido hai dous meses polos lectores do portal dixital de cultura galega *Fervenzas Literarias* como o Mellor libro de Poemas do Ano. O ensaio de Pilar García Negro, *Cantares gallegos, hoxe*, que saíu á venda en marzo de 2013, recibiu, pola súa banda, un amplo recoñecemento nas máis de dez presentacións e conferencias da autora levadas a cabo por toda Galicia e en Madrid durante o ano pasado.

A selección dos gañadores levouse a cabo tras unha primeira fase de votación na que participaron todos os editores da Asociación Galega, e logo a decisión final dun xurado integrado por cinco especialistas.

**Saúdos, Área de Comunicación de Alvarelos Editora.**  
[prensa@alvarelos.info](mailto:prensa@alvarelos.info) | 60990 88 52 | 981 522 137